



A Rede Museística Provincial a través do departamento de didáctica pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso 2015/2016 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado na Rede.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos

educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos este curso deberase contactar co departamento de Didáctica do Museo por teléfono ou correo electrónico.

# Actividades escolares

---

## Crea o teu museo

**Metodoloxía:** Desde a Rede Museística invitámosvos a que creedes o voso propio museo a partir dun diálogo aberto coas nosas coleccións e cos profesionais que traballan neste espazo.

**Nivel educativo:** 3º, 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria.

## Museo relator de historias

**Metodoloxía:** Con esta actividade son os propios escolares os que constrúen o significado das pezas do museo, co que se potenciará a súa capacidade de observación e reflexión ao tempo que se fomenta o seu espírito crítico.

**Nivel educativo:** 3º, 4ª, 5º e 6º de Educación Primaria.

## O Museo como retrovisor histórico

**Metodoloxía:**

A colección do museo permitirá ao alumnado comprender que as sociedades actuais están condicionadas polo seu pasado histórico, ao tempo que reconecerán as ferramentas usadas no pasado e saberán das historias legadas a elas.

**Nivel educativo:** Tódolos ciclos.

## Viaxes polos Museos da rede

### ★ O labirinto do castelo

**Metodoloxía:** Percorrendo o noso labirinto damos a coñecer a etnografía e desenvolvemos a creatividade do alumnado tendo en conta a importancia do pasado para comprender o presente.

**Nivel educativo:** ESO e BAC.

### ★ A Bela Durminte

**Metodoloxía:** A historia da Bela Durminte é o fío condutor que nos leva a percorrer o Castelo converténdoo no escenario onde o mundo da imaxinación cobra vida ata materializarse na realidade.

**Nivel educativo:** Educación Infantil.

### ★ Vivir no pasado

**Metodoloxía:** A lenda da Cova da Serpeda é un magnífico pretexto para estudar o espazo e o tempo no que se desenvolve o Señorío de San Paio de Narla.

**Nivel educativo:** ESO e BAC.

### ★ Xogo de verbas

**Metodoloxía:** Aproveitamos a riqueza e a variedade do patrimonio cultural e despertamos o interese pola colección mediante interesantes e divertidos xogos.

**Nivel educativo:** 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

### ★ Na lareira

**Metodoloxía:** Visítade a nosa cociña para descubrir a transformación que esta dependencia sufriu ao longo do tempo. Comparamos as vellas cociñas e as comidas que nelas se facían coas actuais.

**Nivel educativo:** Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria



## ★ Unha firma medieval: un signo lapidario



**Metodoloxía:** Con esta unidade aprofundamos nunha realidade pouco coñecida de San Paio de Narla: a que nos ofrecen os signos lapidarios que se atopan diseminados por toda a fortaleza. Para que os nenos e nenas comprendan a trascendencia destes signos realizarán actividades teóricas e prácticas.

**Nivel educativo:** 6ª de Educación Primaria, 1º e 2º de ESO.

## ★ A procura do acibeche en San Paio

**Metodoloxía:** A intención desta unidade é dar a coñecer a nosa colección de acibaches a través de xoias realizadas nesta pedra protectora intimamente ligada á cultura galega.

**Nivel educativo:** 1º, 2º, 3º e 4º de ESO

## ★ Pescudas de detectives en San Paio

**Metodoloxía:** Os cativos meteranse na pel dun detective peculiar para que ir superando unha serie de pistas polo museo. Finalmente, chegarán o último piso da torre e, se fixeron ben as súas tarefas, adiviñarán cal é o truco para abrir un cofre con sorpresas.

**Nivel educativo:** 5º e 6º de Educación Primaria e 1º de ESO.

## ★ Bestiario Medieval: os animais fabulosos

**Metodoloxía:** Os nenos e nenas descurirán con esta actividade o importante que o poder da creatividade e da imaxinación tomando como marco a Idade Media e os fantásticos códigos ilustrados con animais quiméricos: sereas, grifos, dragóns... Así os rapaces poderán facer sobre pergamiño o seu propio código miniado con letras capitais.

**Nivel educativo:** ESO.

## ★ Os escribáns en San Paio de Naria

**Metodoloxía:** Con esta actividade daremos a coñecer os instrumentos que utilizaban os escribáns na Idade Media: pluma, tinteiro, salvaadeiras, vade, pergamiños... Así nos achegaremos a un oficio moi relevante para os señoríaos medievais.

**Nivel educativo:** 4º, 5º, 6º de Educación Primaria e 1º da ESO.



# Actividades para escolas e familias

---

## ★ Peiteados e aderezos

**Metodoloxía:** Os rapaces apreciarán que unha actividade tan corrente como peitearse pode ser algo artístico. As modas e os peiteados ao longo da historia permitirannos coñecer tamén a importancia de arranxar o cabelo como signo de distinción social e ostentación.

**Destinatarios:** Familias ou clases de 3º e 4º da ESO

## ★ Facendo historia (heráldica)

**Metodoloxía:** Amosaremos que tras un escudo agochase moita crónica histórica porque un escudo é unha peza parlante que nos fala de cómo era a vida dos homes e mulleres con rango nobiliario durante o Medievo.

**Destinatarios:** Familias e cursos de 1º e 2º da ESO

Departamento de Didáctica  
982 375 156  
[sanpajodenarla@museolugo.org](mailto:sanpajodenarla@museolugo.org)

